

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE NOVIEMBRE DE 2018**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual novembro 2018.....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en novembro de 2018 .....	20
6.4.	Evolución da precipitación en novembro de 2018.....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	28
9	RAIOS.....	29

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 11/12/2018**



## Mes moi húmido e temperaturas normais.

### 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de novembro quedou caracterizado polo predominio de situacións atmosféricas de inestabilidade ocasionadas pola presenza de borrascas circulando polo Atlántico norte. Estas situacións deixan ambientes de moita humidade e chuvias, pero ventos do suroeste con temperatura suave. Isto explica que o mes resultase húmido, pero con temperaturas normais para a época do ano, ou mesmo superiores.

Así, comezamos o mes nunha situación intermedia os dous primeiros días, que deixaba algunhas precipitacións débiles en moitos puntos da Comunidade. O día 3 as altas presións achegaban estabilidade, polo que a xornada foi de tempo seco, por momentos soleado. Pero este predominio foi moi transitorio, posto que o día 4 unha fronte atravesaba Galicia, deixando chuvia, por momentos persistentes e de intensidade xeneralizada. Esta situación volveu a repetirse na xornada do día 5, cando o paso de novas fronteas frías deixaba cantidades de precipitación moi apreciable en toda Galicia, con baixada de temperatura e neve nas zonas altas.

A situación aínda empeorou coa chegada da borrasca Beatriz, que deixaba un día de temporal, tanto de vento como de chuvia. O día 7 quedamos na zona de chuvascos, con tempo máis tranquilo que na xornada anterior, pero a borrasca Beatriz afectounos novamente o día 8 cunha xornada de vento e chuvia que afectaba máis ás comarcas atlánticas. O mal tempo continuaba ao día seguinte, cunha nova borrasca profunda que xunto cun río atmosférico deixaba un día desaprachable de vento e chuvia en toda Galicia.

Durante a fin de semana do 10 e 11 Galicia continuou baixo a influencia das baixas presións e os ventos do suroeste, de forma que as características de humidade, ceos grises, chuvias e temperaturas suaves, continuaron durante estes días.

O día 12 foi unha xornada de transición, na que as altas presións foron entrando na Comunidade, desprazando as borrascas cara ao Atlántico. Isto fixo que entre os días 13 e 17 quedásemos nunha situación de máis estabilidade, pero sobre todo cun corredor de isóbaras que achegada aire cálido. Deste xeito tivemos xornadas de ceo parcialmente anubrado, con nubes de tipo medio e alto; soamente nas zonas máis expostas ao vento do sur chegaron algunhas nubes baixas e mesmo algunha chuvia débil. As temperaturas foron



elevadas por mor da presenza de aire cálido, acadándose valores superiores aos 20°C, principalmente nas xornadas do 15 e o 16.

O día 18 a borrasca do Atlántico foise desprazando cara á península Ibérica, aumentando a inestabilidade. Tivemos algúns chuvascos, que non foron especialmente intensos, agás un deles, que de xeito illado deixaba chuvias de carácter torrencial no norte de Lugo durante as últimas horas do día.

Durante a seguinte semana, entre o 19 e o 24, as baixas presións mantivéronse preto de Galicia, aportando inestabilidade, polo que o tempo foi moi inseguro e cambiante, con momentos tranquilos alternando con outros de chuvasco. As temperaturas foron en descenso durante ese período, polo que os chuvascos foron de neve nas zonas altas da Comunidade. A xornada do 25 quedou determinada pola chegada nas últimas horas dunha fronte moi activa, que deixaba chuva intensa e ventadas fortes do noroeste especialmente nas áreas atlánticas.

A derradeira semana do mes quedou marcada polo achegamento da borrasca Diana, que se movía entre o norte de Azores e Irlanda, tendo o seu máximo achegamento entre os días 28 e 29, cando as chuvias e os ventos intensos do suroeste foron xeneralizados.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500 hPa (Figura 2) apréciase unha forte anomalía negativa situada ao oeste de Irlanda, afectando á nosa Comunidade, o cal se reflicte na chegada continua de baixas presións dende o Atlántico, o que propiciou xornadas de chuvias abundantes e os ventos predominantes do suroeste.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Novembro-2018.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Novembro-2018.



#### 4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



## A CORUÑA

	NOVEMBRO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.3/13.2	13.2	15.7 (2015)	10.8 (1966)
Tª mínima media	10.7/10.6	10.5	13.2 (2015)	7.9 (1956)
Tª mínima absoluta	6.3/6.5 (día 25)	2.6 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	13.7/13.9 (día 2/15)	19.1 (06/11/2015)		
Tª máxima media	16.0/15.8	15.9	19.7 (1947)	13.1 (1966)
Tª máxima absoluta	22.8/21.9 (día 16)	25.0 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	11.8/11.3 (día 25)	8.4 (29/11/1969)		
Precipitación acumulada	244	116-149	297 (2003)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	18	14	28 (1935)	1 (1981)

*Comentario: Mes normal en canto a temperaturas.*

*A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido. O número de días de chuvia foi superior ao agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

## SANTIAGO

	NOVEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.2	11.5	14.5 (1983)	9.8 (2010)
Tª mínima media	8.0	7.8	11.0 (1983)	6.0 (2010)
Tª mínima absoluta	1.9 (día 25)	-3.0 (29/11/2010)		
Tª mínima máis alta	11.8 (día 2)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	14.4	15.1	17.9 (1983)	13.5 (2010)
Tª máxima absoluta	21.0 (día 16)	24.7 (07/11/2003)		
Tª máxima máis baixa	9.7 (día 25)	5.5 (26/11/1985)		
Precipitación acumulada	379	172-251	475 (2000)	16 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	21	16	26 (2000)	3 (2001)

*Comentario: Mes normal para a temperatura media, lixeiramente frío para as máximas e lixeiramente cálido para as mínimas.*

*Mes moi húmido e o número de días de chuvia por riba do agardado.*

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018





## LUGO

	NOVEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.4	9.2	11.8 (1992)	7.5 (2001)
Tª mínima media	5.1	5.2	8.7 (1992)	2.2 (2007)
Tª mínima absoluta	1.4 (día 14)	-6.4 (17/11/2007)		
Tª mínima máis alta	11.0 (día 2)	17.0 (07/11/1985)		
Tª máxima media	13.7	13.1	16.4 (2015)	11.3 (2008)
Tª máxima absoluta	20.7 (día 16)	23.2 (08/11/2015)		
Tª máxima máis baixa	8.1 (día 13)	4.0 (29/11/2008)		
Precipitación acumulada	162	96-118	288 (2000)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	19	12	26 (2000)	1 (1981)

*Comentario: Temperaturas medias e mínimas normais e as máximas lixeiramente cálidas. A chuvia rexistrada foi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. Isto tamén se reflicte no número de días de chuvia, o cal é superior ao valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2018. Temperatura: 1981-2018

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	NOVEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.4	12.2	14.8 (2006)	9.9 (1966)
Tª mínima media	9.1	7.7	10.6 (2006)	4.5 (1971)
Tª mínima absoluta	3.4 (día 25)	-1.5 (30/11/1963)		
Tª mínima máis alta	13.9 (día 10)	17.8 (02/11/2002)		
Tª máxima media	15.6	16.7	19.9 (1981)	14.6 (1976)
Tª máxima absoluta	21.4 (día 16)	26.3 (02/11/1987)		
Tª máxima máis baixa	11.6 (día 25)	7.4 (30/11/2008)		
Precipitación acumulada	326	164-269	480 (1997)	1 (2001)
Días de chuvia (≥1mm)	20	14	25 (2009)	0 (2001)

*Comentario: Mes con temperaturas medias normais, pero con valores máximos lixeiramente por debaixo do normal e mínimas por riba. A chuvia foi superior ao valor climático, polo que o mes resultou ser húmido. Deste xeito, o número de días de chuvia tamén é superior ao agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2018. Temperatura: 1958-2018

**OURENSE**

	NOVEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
T <sup>a</sup> media	11.5	11.1	13.9 (1983)	9.1 (2001)
T <sup>a</sup> mínima media	7.1	6.3	9.5 (1983)	1.6 (2007)
T <sup>a</sup> mínima absoluta	3.2 (día 25)	-6.8 (24/11/1988)		
T <sup>a</sup> mínima máis alta	12.9 (día 10)	17.8 (07/11/1985)		
T <sup>a</sup> máxima media	15.9	15.9	18.2 (2006)	13.3 (1980)
T <sup>a</sup> máxima absoluta	21.9 (día 15)	26.1 (07/11/2015)		
T <sup>a</sup> máxima máis baixa	11.8 (día 25)	3.8 (29/11/1990)		
Precipitación acumulada	175	76-113	240 (1997)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	18	11	24 (1997)	0 (1981)

*Comentario:* Mes normal para as temperaturas máximas e lixeiramente cálido para as medias e mínimas.


En canto á precipitación, resultou ser un mes moi húmido e o número de días de chuvia por riba do agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2018. Temperatura: 1972-2018

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas medias foron moi próximas ás normais desta época do ano, xa que os ventos do suroeste que prevaleceron en moitas xornadas achegaban aire temperado, aínda que a presenza de nubes e chuvias abundantes non deixaba que houbera grandes oscilacións. Estas situacións estiveron puntuadas con algunha entrada de aire frío.

### 5.1. Temperatura media das máximas.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de novembro de 2018.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de novembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 12.7 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente zonas montañosas das provincias de Lugo e Ourense, con valores entono aos 6 °C. Por outra



banda os valores máis altos déronse principalmente na comarca do Ribeiro, Baixo Miño e ría de Vigo, con valores ao redor dos 16 °C.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de novembro para o territorio galego foi de 6.2 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados en áreas da comarca da Limia e nas zonas máis altas de Lugo e Ourense, onde se acadaron valores ao redor de 1°C. Os valores máis altos déronse principalmente nas áreas costeiras das Rías Baixas e entorno a cidade de A Coruña, con valores entre 10°C e 11 °C.





Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de novembro de 2018.

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de novembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de  $+0.2^{\circ}\text{C}$ , é dicir, temperaturas medias en xeral no rango dos valores medios para este mes.



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media ( $^{\circ}\text{C}$ ) de novembro respecto ao período 1981-2010.

A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse na provincia de Ourense. Repartidas por toda a Comunidade (Táboa 2), houbo localidades que mesmo resultaron frías para a época do ano.



Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Arnoia (A)	Ourense	1.4
Beade	Ourense	1.4
Ribadavia	Ourense	1.3
Cenlle	Ourense	1.2
Leiro	Ourense	1.2
Cortegada	Ourense	1.2
Carballeda de Avia	Ourense	1.1
Sarria	Lugo	1.1
Bóveda	Lugo	1.1
Castro de Miño	Ourense	1.0

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de novembro de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Pontenova (A)	Lugo	-0.5
Lalín	Pontevedra	-0.5
Fisterra	A Coruña	-0.4
Chandrea de Queixa	Ourense	-0.4
Vila de Cruces	Pontevedra	-0.4
Veiga (A)	Ourense	-0.4
Teixeira (A)	Ourense	-0.3
Carballeda de Valdeorras	Ourense	-0.3
Arteixo	A Coruña	-0.3
Castro Caldelas	Ourense	-0.3

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de novembro de 2018.

Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de novembro de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 15 e 16 de novembro rexistráronse os valores máis altos de temperatura por debaixo dos 1000 m. Por enriba dos 1000 m, a xornada máis destacada é a do 3 de novembro.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/11/2018	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	25.4
16/11/2018	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	24.3
15/11/2018	Simes	MEAÑO	Pontevedra	23.7
16/11/2018	O Viso	REDONDELA	Pontevedra	23.5
15/11/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	23.4
15/11/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	23.3
16/11/2018	Areas	TUI	Pontevedra	23.2
16/11/2018	Coruña-Bens	CORUÑA (A)	A Coruña	23.1
15/11/2018	Sanxenxo	SANXENXO	Pontevedra	23.0
15/11/2018	Torrequeintás	MEIS	Pontevedra	22.9

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
03/11/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	17.9
03/11/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	16.3
14/11/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	15.7
03/11/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	15.6
03/11/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	14.8
03/11/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	14.3
03/11/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	14.2
15/11/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	13.9
03/11/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	13.7
03/11/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	13.2

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2018 a altitude maior de 1000 m.

Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Acadáronse valores negativos, tanto por riba como por debaixo dos 1000 m..



Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/11/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-4.35
26/11/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-4.27
25/11/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.5
26/11/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-3.27
13/11/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-1.83
25/11/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-1.75
25/11/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	-1.67
13/11/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-1.42
25/11/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-0.7
28/11/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-0.46

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2018 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
13/11/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-4.25
13/11/2018	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-3.24
13/11/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-2.67
13/11/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	-2.13
13/11/2018	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-1.25
14/11/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	-1.21
13/11/2018	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-1.03
25/11/2018	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-0.99
25/11/2018	Coto Muiño	ZAS	A Coruña	-0.96
25/11/2018	Arzúa	ARZÚA	A Coruña	-0.96

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2018 altitude inferior a 1000m.



#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 10.9 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para novembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.05°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. As temperaturas máximas foron lixeiramente frías, cunha anomalía de -0.64°C, mentres que as mínimas lixeiramente cálidas, cunha anomalía de +0.75°C.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en novembro, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As chuvias foron máis abundantes do normal nun mes de por si caracterizado na climatoloxía pola alta pluviosidade. A continua pasada de fronteas activas asociadas a borrascas que circulaban polo Atlántico norte, deixou cantidades de chuvia superiores ao normal e tamén máis xornadas de chuvia.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual novembro 2018





Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de novembro de 2018.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.


No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de novembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 57 % superior ao período de referencia 1981-2010. En zonas do oeste de A Coruña, interior de Pontevedra e sur de Lugo rexistráronse precipitación de máis do dobre do agardado, ao igual que no oeste de Ourense. Na Baixa Limia incluso o triplo. En áreas do leste da Comunidade as precipitacións foron lixeiramente menores das climáticas.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de novembro de 2018.

### 6.3. Días de chuvia en novembro de 2018

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$ ) foi de 18.8. Os valores máis altos tiveron lugar na Costa da Morte e no litoral pontevedrés, onde se acadaron máis de 22 días de chuvia. Os valores máis baixos déronse no concello de Ribadeo, con 12 días de chuvia.



**Figura 10:** Días de chuvia superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de novembro de 2018.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de novembro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 200 L/m<sup>2</sup>, en moitas localidades. Destacan as localidades das provincias de A Coruña e Pontevedra. As primeiras xornadas do mes rexistraron os valores acumulados máis importantes.

Precipitacións acumuladas máximas en novembro de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	366
Muralla	LOUSAME	A Coruña	348
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	282
Cespón	BOIRO	A Coruña	277
Costa	ROIS	A Coruña	275
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	263
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	257
Lesende	LOUSAME	A Coruña	249
Castrove	POIO	Pontevedra	244
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	244

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de novembro de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	85	01/04/2018 22:00
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	73	02/04/2018 02:00
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	70	01/04/2018 20:10
Costa	ROIS	A Coruña	68	01/04/2018 22:10
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	66	03/04/2018 02:50
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	65	02/04/2018 03:40
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	57	01/04/2018 21:50
Cespón	BOIRO	A Coruña	56	01/04/2018 21:50
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	55	01/04/2018 22:00
Amiudal	AVIÓN	Ourense	55	02/04/2018 03:20

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de novembro de 2018.

## 6.4. Evolución da precipitación en novembro de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 263 L/m<sup>2</sup>.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2018 para novembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 56 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi húmido, tendo en conta a totalidade da Comunidade. Os anos máis recentes cunha anomalía semellante foron o 2014 e o 2009.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en novembro, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Nas primeiras xornadas do mes, destacando a do día 6, tal e como se pode observar na Táboa 9, en moitas localidades acadáronse ventos moi fortes debido á chegada da borrasca Beatriz.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en novembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
29/11/2018	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	147.8
09/11/2018	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	143.7
06/11/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	143.1
06/11/2018	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	129.1
09/11/2018	Burela	BURELA	Lugo	128.1
06/11/2018	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	126.7
28/11/2018	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	122.6
28/11/2018	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	120.5
06/11/2018	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	119.4
06/11/2018	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	114.1
06/11/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	112.2
10/11/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	112.1
09/11/2018	Muralla	LOUSAME	A Coruña	111.8
25/11/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	111.7
26/11/2018	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	110.1
06/11/2018	Lira	CARNOTA	A Coruña	109.7
06/11/2018	Fragavella	ABADÍN	Lugo	109.4
26/11/2018	Ons	BUEU	Pontevedra	105.8
06/11/2018	Cariño	CARIÑO	A Coruña	105.3
28/11/2018	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	104.9
06/11/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	103.8
29/11/2018	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	103.2
06/11/2018	Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	102.0
09/11/2018	Foz	FOZ	Lugo	102.0
06/11/2018	A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	101.5
24/11/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	101.3
06/11/2018	Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	100.8

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de novembro.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	109.7	S	10	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Lira (1002) e 11/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (1002) e 11/2018</p>
		Día 6				
Pta. Candieira	Cedeira	143.7	SO	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (1002) e 11/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (1002) e 11/2018</p>
		Día 9				
Malpica	Malpica	110.1	O	5	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Malpica (1002) e 11/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (1002) e 11/2018</p>
		Día 26				
Marco da Curra	Monfero	91.3	SO	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Marco da Curra (1004) e 11/2018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (1004) e 11/2018</p>
		Día 9				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de novembro de 2018 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	128.1	S	5	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Burela (10118) # 112018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Burela (10118) # 112018</p>
		Día 9				
Ancares	Cervantes	112.1	S	4	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Ancares (10092) # 112018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ancares (10092) # 112018</p>
		Día 10				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de novembro de 2018 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	94.5	SO	9	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Xurés (10110) # 112018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Xurés (10110) # 112018</p>
		Día 9				
Rodicio	Maceda	93.2	SO	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Alto do Rodicio (10097) # 112018</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Alto do Rodicio (10097) # 112018</p>
		Día 6				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	75.1	S	25		
		Día 9				


**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de novembro de 2018 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	86.6	S	8		
		Día 6				
Ons	Bueu	105.8	S	7		
		Día 26				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de novembro de 2018 na provincia de Pontevedra.

## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para el mes de noviembre de 2018.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de novembro 124 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse principalmente a partir da segunda metade do mes (figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en novembro de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, na provincia de A Coruña caeron a maior parte dos raios do mes, mentres que Ourense tivo o rexistro máis baixo con só 8 raios detectados.





Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en novembro de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en novembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Nesta gráfica pódese observar como o novembro de este ano é o terceiro da serie onde menos raios se rexistraron. Destaca o ano 2014 con 5630 raios.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en novembro dende 2010 a 2018.

**MeteoGalicia**  
**Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático**  
**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**  
**Xunta de Galicia**



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>A Coruña</b>																												
A Gándara	9.9	12.32	19.0	16	7.9	4.4	25	487	100.5	24	455	89	96	78	26	70	473	25	122	28	963	25	0					
Aldea Nova	11.0	13.87	21.2	16	8.9	4.9	25	309	69.0	9	270	87	96	73	26	74	466	11	74	28	979	22	0					
Arzúa	9.7	13.55	20.4	15	6.1	-1.0	25	346	47.6	9	319	92	100	75	29	83	518	7	56	9	969	21	2					
Camariñas	12.7	15.26	19.7	17	10.1	4.4	25	304	75.6	24	--	85	95	71	34	99	593	19	104	28	1010	19	0					
Cariño	12.8	15.35	19.2	17	10.3	6.5	25	254	52.6	5	211	82	94	70	32	93	540	14	105	6	1010	20	0					
Cespón	12.0	16.09	22.7	15	8.5	3.0	25	506	108.9	9	478	93	100	73	28	81	499	6	73	25	1007	24	0					
CIS Ferrol	12.1	15.66	22.7	16	9.1	4.6	13	289	49.0	24	253	87	99	69	30	87	528	10	69	9	1008	22	0					
Corrubedo	12.9	15.98	22.1	15	10.4	5.8	25	284	53.0	6	242	83	93	69	33	96	574	15	96	11	1008	21	0					
Coruña-Bens	13.8	16.46	23.1	16	11.3	7.3	25	242	46.7	24	**	84	93	73	**	**	543	16	85	6	998	20	0					
Coruña-Dique	13.0	15.63	21.7	16	10.4	5.9	25	175	45.8	24	**	79	90	65	**	**	**	19	92	9	1009	19	0					
Coruña-Torre de Hércul	13.2	15.96	22.8	16	10.7	6.3	25	243	49.0	24	**	76	87	63	**	**	**	**	**	**	**	**	20	0				
**Costa	11.3	15.03	21.3	15	8.1	2.5	25	479	88.9	6	**	94	99	78	**	**	**	4	64	22	992	22	0					
**Coto Muiño	9.6	14.16	21.6	15	5.3	-1.0	25	636	137.0	9	**	95	100	79	**	**	**	3	61	6	**	24	2					
Fontecada	9.9	13.1	19.3	15	7.0	0.3	13	634	144.5	9	602	86	93	73	27	77	500	12	100	6	969	23	0					
**Guísamo	11.7	15.29	22.5	16	8.9	4.3	25	259	41.0	24	**	79	89	64	**	**	**	3	37	5	991	20	0					
**Lesende	11.6	14.79	21.1	15	8.6	2.9	25	391	76.2	6	358	83	90	69	28	80	501	4	55	6	992	23	0					
Lira	12.3	14.55	20.5	15	10.3	6.0	25	301	38.0	6	260	85	94	73	32	92	540	25	109	6	**	20	0					
Mabegondo	11.2	15.71	22.4	15	7.2	0.7	13	233	36.6	24	199	90	99	72	35	101	604	8	69	9	1001	19	0					
Malpica	11.5	14.23	20.6	16	9.3	5.2	25	306	59.0	24	279	95	99	84	35	101	578	21	110	26	992	23	0					
Marco da Curra	8.2	10.81	16.8	16	5.9	2.5	25	258	43.6	9	230	90	96	80	25	71	486	22	91	9	937	22	0					
Melide	9.2	13.11	19.3	16	5.8	-0.5	25	253	30.3	9	225	89	97	74	28	81	495	7	59	10	957	21	1					
Muralla	8.9	11.15	17.2	15	6.8	2.6	25	683	149.8	9	548	95	99	86	19	56	364	24	111	9	935	22	0					
**O Val	11.7	15.64	22.0	16	8.4	3.2	13	237	51.5	9	**	85	94	69	**	**	**	5	61	1	1003	21	0					
Olas	9.9	13.12	19.7	15	6.9	1.8	25	333	49.3	24	303	90	99	75	28	81	483	16	78	6	**	21	0					
**Ordes	9.9	14.29	20.6	15	5.4	0.1	14	348	49.0	9	**	88	94	71	**	**	**	4	50	9	980	20	0					
**Paramos	9.9	13.15	19.3	15	6.8	2.6	25	578	116.4	6	**	96	100	84	**	**	**	10	66	9	969	24	0					
**Pazo de Galegos	11.3	15.2	22.0	16	8.1	3.2	25	272	39.0	11	234	93	99	77	30	86	533	3	44	5	986	22	0					
Punta Candieira	11.9	14.04	20.4	15	10.0	6.3	25	183	45.9	9	134	83	94	71	32	91	553	36	143	9	980	20	0					
Punta Langosteira	13.3	15.55	21.5	16	10.9	7.3	25	139	25.4	24	**	81	93	69	--	--	--	23	120	28	1009	18	0					
Río do Sol	9.0	11.82	18.8	15	6.7	2.9	25	428	72.5	9	403	93	98	81	27	79	474	21	99	28	949	21	0					
**Rus	11.5	15.46	22.9	15	7.7	0.6	13	377	70.4	9	**	91	99	74	**	**	**	4	50	28	995	21	0					
Sálvora	13.3	15.23	20.2	15	11.3	7.8	25	291	59.0	6	--	84	94	72	--	--	602	--	--	--	**	23	0					
Santiago-EOAS	11.0	14.38	21.0	16	8.0	1.9	25	379	67.7	9	350	92	99	74	29	83	523	8	77	6	982	24	0					
Santiago-San Lázaro	10.8	13.99	20.8	15	8.0	0.9	25	307	42.4	9	274	86	94	72	29	85	518	8	87	29	976	24	**					
Sergude	10.8	14.67	22.1	15	7.6	1.7	25	271	40.7	9	**	91	99	74	20	60	416	**	**	**	**	22	0					
Serra da Faladoira	8.9	11.58	17.8	15	6.8	3.0	25	361	82.7	5	331	90	97	77	29	83	534	22	89	29	944	21	0					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
<b>Lugo</b>																											
A Pontenova	10.3	13.62	21.6	16	7.6	2.5	25	132	25.0	5	**	81	93	65	29	81	554	20	114	6	**	**	**	20	0		
Abradelo	8.2	11.23	17.1	14	5.5	0.0	25	205	26.1	10	**	82	94	66	32	93	570	**	**	**	**	**	**	20	1		
**Alto do Faro	7.1	10.1	15.6	15	4.5	0.0	25	262	37.5	6	**	91	98	77	**	**	**	6	50	25	916	**	**	21	0		
**Alto do Poio	4.2	6.54	14.3	3	2.2	-1.8	25	331	41.9	6	**	91	98	77	**	**	**	9	67	9	**	**	**	20	6		
Ancares	4.7	7.42	14.2	3	2.4	-1.7	25	140	30.0	5	108	85	95	66	28	82	512	25	112	10	859	**	**	21	5		
**Borreiros	11.3	15.79	22.2	16	7.6	1.9	25	190	43.0	5	156	87	98	68	31	88	506	6	58	6	1004	**	**	22	0		
Bóveda	8.8	13.75	20.3	16	5.1	0.7	13	175	22.8	4	145	90	98	69	30	88	547	5	42	6	963	**	**	21	0		
Burela	10.6	13.39	19.6	16	8.6	5.0	25	166	47.7	24	117	80	91	66	38	108	610	21	128	9	**	**	**	18	0		
Campus Lugo	8.9	13.73	20.7	16	5.1	1.4	14	161	22.0	9	130	89	99	68	29	83	552	5	52	29	966	**	**	22	0		
Castro R. de Lea	8.8	13.14	20.1	17	5.2	-0.1	25	163	22.5	5	**	89	97	72	29	85	553	**	**	**	963	**	**	21	1		
Conchada	8.4	12.48	18.7	15	5.7	1.3	25	216	35.8	20	**	90	99	74	32	94	559	**	**	**	**	**	**	20	0		
Corno do Boi	7.8	10.64	17.5	15	5.8	1.9	25	333	55.0	9	307	91	97	81	26	75	489	16	74	9	**	**	**	24	0		
Courel	7.7	11.13	17.3	14	4.9	1.0	13	242	23.1	5	209	85	96	66	28	83	508	10	87	26	924	**	**	21	0		
Fontaneira	6.4	9.08	14.7	14	4.3	0.4	25	240	35.8	11	213	90	97	77	28	80	481	19	97	10	900	**	**	21	0		
Foz	11.4	15.35	22.0	15	8.1	3.1	25	139	30.2	24	90	79	91	65	35	99	573	16	101	9	1003	**	**	19	0		
Fragavella	7.7	10.71	17.4	15	4.8	-0.9	25	267	52.6	9	235	88	98	74	29	83	536	20	109	6	942	**	**	23	2		
Guitiriz-Mirador	8.0	10.74	16.3	16	6.0	2.3	25	258	38.1	9	--	90	98	77	--	--	474	11	65	29	933	**	**	21	0		
**Labrada	8.0	10.81	17.4	16	5.7	0.5	25	321	73.8	9	294	89	96	76	23	68	455	12	60	10	**	**	**	22	0		
**Lanzós	7.9	12.59	18.6	16	3.7	-1.2	14	217	38.5	9	**	91	97	75	**	**	**	3	47	9	957	**	**	21	3		
**Lourenzá	11.3	16.23	24.3	16	7.3	0.9	25	168	35.2	24	**	82	94	62	**	**	**	6	67	6	**	**	**	18	0		
Marroxo	8.9	12.35	17.4	15	6.2	1.9	13	179	24.8	20	121	85	95	69	--	--	547	11	82	6	939	**	**	22	0		
**Millara	9.8	14.44	20.6	15	6.9	2.9	25	238	31.4	6	**	91	99	71	**	**	**	6	61	11	**	**	**	19	0		
**Morelle	8.8	13.51	20.1	16	4.8	-0.4	14	140	21.6	6	115	91	99	71	20	58	468	3	47	6	964	**	**	20	1		
O Cebreiro	3.6	6.58	13.7	3	1.4	-3.5	25	298	38.1	9	281	96	100	84	22	65	432	13	79	26	865	**	**	21	12		
O Xipro	7.7	11.11	17.4	16	5.1	0.3	25	161	25.5	5	131	90	98	72	31	90	561	13	77	6	921	**	**	18	0		
**Olveda	7.9	12.26	19.4	15	4.8	-0.1	25	216	29.4	6	147	98	100	87	23	66	506	3	48	26	**	**	**	21	1		
Pedro Murias	12.7	15.98	21.6	17	9.7	6.1	25	107	35.4	24	59	80	93	65	33	94	539	14	83	6	1006	**	**	16	0		
Penedo do Galo	9.3	11.73	19.1	16	7.4	3.8	20	277	80.7	18	236	85	94	71	32	92	556	37	147	29	**	**	**	20	0		
Pol	8.5	11.86	19.0	16	5.7	0.5	13	160	20.0	5	**	86	96	69	33	95	591	**	**	**	937	**	**	20	0		
Portomarín	9.0	13.14	18.8	15	5.6	1.1	25	163	25.0	6	**	92	99	73	15	45	410	**	**	**	961	**	**	24	0		
Sambreixo	8.4	12.53	18.6	16	4.9	-1.0	25	250	38.3	9	**	90	97	74	30	85	538	**	**	**	**	**	**	23	2		
**San Clodio	9.6	14.5	20.7	15	5.9	1.2	28	183	36.0	20	**	93	100	69	**	**	**	2	31	26	983	**	**	20	0		
**San Fiz	9.5	13.56	19.6	15	6.5	2.8	25	218	34.9	19	186	90	98	72	29	83	572	4	49	6	967	**	**	21	0		
Ventosa	7.5	10.94	16.0	14	4.1	-0.1	25	161	27.2	5	124	82	95	65	33	94	564	14	88	6	908	**	**	20	1		
**Vilamor	11.4	15.46	21.7	17	7.8	1.0	25	177	36.6	9	130	77	87	60	32	92	556	8	70	6	**	**	**	20	0		
**Xabrega	10.2	14.42	20.0	17	6.8	3.0	25	216	24.9	22	180	86	96	66	26	76	558	6	62	6	975	**	**	20	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada		
<b>Ourense</b>																										
A Mezquita	6.0	9.51	16.3	3	3.2	-0.5	28	297	52.4	11	269	89	98	73	32	95	548	10	74	26	898	21	2			
**A Portela	9.6	14.25	20.1	2	5.9	1.4	28	171	32.0	11	138	86	100	63	30	88	548	4	52	6	**	20	0			
**A Trabe	7.6	10.64	16.2	2	5.0	1.8	12	238	52.3	11	209	88	95	75	29	85	532	4	43	6	924	21	0			
Alto do Rodicio	6.6	9.45	15.2	16	4.1	-0.6	25	256	24.5	20	229	92	99	78	30	87	535	15	93	6	901	22	1			
Amiudal	9.0	12.42	17.8	16	6.3	2.5	25	354	63.1	6	322	88	97	74	29	86	566	12	95	26	949	21	0			
As Petarelas	8.4	12.24	17.9	2	5.1	0.9	25	177	30.8	11	**	87	98	68	26	76	516	**	**	**	**	21	0			
Baltar	7.3	11.36	16.2	3	3.3	-2.1	13	203	35.2	11	171	90	99	68	35	103	644	9	69	6	921	20	5			
Cabeza de Manzaneda	2.1	4.54	12.5	3	0.0	-4.3	26	279	45.1	10	254	89	99	72	29	77	565	29	103	6	819	21	19			
**Calvos	6.9	10.75	16.7	3	3.0	-4.3	13	304	37.4	11	277	93	100	77	30	88	567	10	64	10	**	22	4			
Casaio	6.0	8.92	14.8	3	3.2	0.0	5	138	26.0	11	**	78	95	56	**	**	**	9	101	24	**	21	0			
**Corzos	5.2	8.94	15.7	14	2.0	-1.4	13	228	40.1	11	**	86	95	68	**	**	**	9	55	6	**	22	5			
Entrimo	8.3	12.25	19.2	16	5.6	2.2	13	514	71.2	9	**	93	99	79	25	73	514	**	**	**	**	21	0			
**EVEGA Leiro	10.4	16.35	23.3	15	6.1	2.3	13	243	32.8	21	**	89	96	68	**	**	**	1	29	6	1001	19	0			
Gandarela	9.1	12.58	17.9	16	6.6	2.2	13	197	36.0	22	164	89	97	75	33	96	589	10	75	9	941	19	0			
Lardeira	2.9	5.66	13.2	3	0.6	-3.3	26	107	21.4	11	78	86	96	65	28	83	518	30	143	6	833	20	18			
**Larouco	9.1	13.37	18.1	14	5.6	2.0	27	106	19.3	11	**	78	89	59	**	**	**	4	42	6	953	21	0			
Laza	8.5	12.56	19.0	15	5.4	-0.2	13	200	37.4	11	170	90	99	71	28	83	545	5	54	4	**	21	1			
Monte Medo	8.6	12.47	18.5	15	5.6	-0.9	13	220	25.8	4	**	89	98	69	31	90	553	**	**	**	**	20	1			
O Invernadeiro	5.3	9.34	17.9	3	2.2	-1.8	13	468	64.1	11	444	94	100	78	23	67	510	8	73	26	897	23	7			
Ourense	10.8	15.87	21.9	15	7.1	3.2	25	175	21.6	4	**	84	95	59	**	**	**	**	**	**	**	19	0			
Ourense-Estacións	11.5	16.17	23.4	15	8.1	4.5	25	181	23.4	4	149	84	95	61	29	85	543	2	35	10	999	19	0			
**Pazo de Fontefiz	9.9	13.5	20.0	16	6.7	2.8	13	249	32.8	4	218	85	93	70	28	81	511	3	52	29	965	21	0			
**Ponte Boga	9.9	14.15	19.8	14	6.2	2.3	13	197	24.8	20	156	76	88	57	34	100	600	4	49	24	958	21	0			
**Prado	10.8	16.09	21.2	15	7.5	4.3	25	233	29.3	21	**	88	95	68	**	**	**	2	33	9	998	19	0			
Remuíño	10.4	15.77	22.4	2	7.0	4.2	27	286	37.4	6	260	92	98	72	22	63	479	4	54	7	**	20	0			
**Riós	7.3	10.55	16.6	3	4.7	1.9	13	245	55.8	11	217	93	100	78	31	90	586	5	48	26	**	20	0			
San Xoán de Río	5.9	9.22	13.9	15	3.5	0.1	25	192	28.0	20	168	94	100	78	32	94	552	14	81	6	896	21	0			
Serra do Eixe	5.1	7.83	13.0	3	2.7	-0.7	25	239	37.1	11	216	93	99	76	30	87	503	20	112	6	875	21	2			
Verín-Vilamaior	9.0	13.04	18.3	3	6.0	0.4	13	161	31.6	11	129	88	97	69	27	81	539	7	55	25	951	20	0			
Verín-Vilela	8.6	14.33	20.8	15	4.3	-2.7	13	150	31.8	11	120	90	99	68	28	83	556	3	56	25	**	20	2			
Viana do Bolo	7.1	11.33	17.8	15	3.6	-3.2	13	199	40.5	11	167	87	97	67	30	88	556	9	74	6	916	20	1			
Xares	2.1	4.54	12.0	3	-0.1	-4.3	26	203	30.8	11	169	90	99	73	29	84	564	25	111	25	819	22	19			
Xinzo	8.3	12.09	17.4	15	4.7	-1.3	13	204	27.1	4	--	91	99	73	--	--	610	10	65	26	941	21	1			
Xurés	6.6	9.49	15.6	3	4.1	0.3	22	378	49.4	11	347	90	98	74	35	102	632	20	94	9	893	21	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Año: 2018 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Pontevedra</b>																												
**A Armenteira	10.6	13.82	21.0	15	7.6	1.0	25	373	64.6	9	344	89	96	76	21	61	453	9	69	6	**		21	0				
A Granxa	11.2	16.2	22.2	17	7.4	3.2	13	348	46.2	6	319	91	98	70	25	74	510	3	54	6	1009		21	0				
A Lanzada	12.4	15.78	22.1	15	9.1	4.1	25	253	41.0	6	217	88	96	73	33	96	550	16	101	6	**		21	0				
**Areas	11.7	16.55	23.1	16	8.4	4.1	25	394	52.4	9	**	90	97	71	**	**	**	1	41	6	**		21	0				
**Areiro	12.4	15.74	21.5	16	9.6	4.8	25	335	59.2	6	**	85	94	70	**	**	**	3	40	6	1003		21	0				
**As Eiras	12.0	16.11	21.9	16	8.3	3.5	25	277	36.0	6	245	90	99	70	29	86	547	3	56	6	1008		21	0				
Cabo Udra	12.9	15.77	21.9	17	10.6	6.0	25	284	52.0	6	242	85	94	73	34	100	580	19	119	6	**		18	0				
Caldas de Reis	11.1	14.2	20.9	15	8.7	3.5	25	347	47.5	9	316	88	96	76	23	68	475	8	86	6	981		21	0				
**Camanzo	11.3	14.99	21.8	15	7.8	1.4	25	233	27.7	9	198	86	95	71	27	77	520	7	65	11	988		21	0				
Cangas-Porto	13.3	15.79	21.2	16	10.7	5.5	25	223	34.7	6	**	80	90	66	**	**	**	10	78	6	**		21	0				
Castro Vicaludo	10.4	12.69	18.7	15	8.4	4.9	25	295	45.8	6	236	89	96	79	--	--	560	22	126	6	957		21	0				
Castrove	9.9	12.62	18.7	15	7.6	2.8	25	485	99.0	9	465	93	99	83	13	38	349	7	72	26	962		21	0				
**Cequelifios	11.3	16	22.7	15	8.1	5.0	27	251	36.2	22	195	88	99	65	29	83	565	7	68	9	**		21	0				
Corón	12.8	15.36	20.6	17	10.3	5.2	13	281	42.8	6	237	81	91	66	33	95	575	13	86	6	1011		21	0				
**Entenza	11.5	15.83	21.6	17	8.2	3.7	13	304	41.8	6	274	92	99	73	26	77	536	1	53	6	**		21	0				
Fornelos de Montes	8.6	10.97	17.5	15	6.7	3.4	25	591	125.5	9	562	90	96	80	24	70	468	18	86	6	931		21	0				
Illas Cíes	13.4	15.75	20.8	16	11.2	7.0	25	230	40.7	6	188	84	94	71	35	101	592	16	103	29	**		20	0				
Lalín	8.9	12.09	17.8	15	6.1	0.3	25	252	35.7	6	**	88	96	74	**	**	**	10	65	25	**		20	0				
**Louredo	10.7	13.27	18.1	17	8.4	4.2	13	340	44.6	9	**	96	99	86	**	**	**	2	36	26	984		21	0				
Lourizán	12.1	15.64	21.4	16	9.1	3.4	25	316	54.5	6	286	92	99	76	28	82	526	4	71	26	1007		21	0				
**Meder	11.9	15.95	21.7	16	8.7	3.4	13	259	33.4	6	**	80	90	62	**	**	**	2	35	28	996		21	0				
Monte Aloia	9.7	12.82	19.8	15	7.5	4.2	25	492	88.6	9	469	95	99	85	20	59	440	10	83	6	957		21	0				
Mouriscade	9.0	12.82	18.5	15	5.0	-1.0	13	248	30.2	6	218	88	92	82	22	64	502	9	63	28	954		20	2				
O Viso	11.0	15.41	23.5	16	8.2	3.7	25	307	42.8	6	276	89	96	74	26	75	492	11	82	10	981		20	0				
Ons	12.6	14.91	20.6	15	10.6	6.3	25	273	50.2	6	231	88	97	75	37	107	628	21	105	26	998		18	0				
**Pé Redondo	12.5	15.86	22.4	16	9.8	4.3	25	315	55.0	9	287	89	96	75	23	68	456	3	61	6	**		22	0				
Pereira	8.1	11.07	17.6	15	5.6	0.7	25	494	98.4	9	**	95	99	85	27	79	509	**	**	**	930		23	0				
**Ponte Caldelas	10.6	13.65	20.2	15	7.6	2.3	25	432	83.9	9	400	84	92	72	25	73	471	6	53	6	971		20	0				
Pontevedra-Campolongo	12.6	17.3	25.4	15	9.2	3.2	25	311	58.9	6	**	86	97	65	**	**	**	2	52	10	**		21	0				
Porto de Vigo	13.9	16.44	22.2	16	11.6	8.1	25	264	43.5	6	208	81	92	68	34	99	585	11	92	26	1011		21	0				
Queimadelos	10.5	12.97	18.2	16	8.4	5.1	25	373	52.4	9	--	90	95	82	4	14	286	--	--	--	970		21	0				
Rebordelo	10.1	13.88	21.0	16	6.3	-0.6	25	363	55.0	9	**	91	99	73	27	68	518	**	**	**	972		20	2				
Sanxenxo	12.3	15.36	23.0	15	9.6	3.4	25	284	43.8	6	249	78	88	64	31	90	491	5	71	6	1009		21	0				
Serra do Faro	6.3	8.97	14.9	16	4.2	-0.7	25	392	62.9	6	368	93	97	82	26	76	493	23	81	6	899		21	1				
**Simes	12.3	16.02	23.6	15	9.0	3.4	25	267	40.7	9	**	87	96	70	--	--	530	**	**	**	**		21	0				
**Soutomaior	11.8	15.26	21.4	16	9.1	4.0	25	299	45.1	6	**	82	90	68	**	**	**	3	40	6	993		21	0				
**Torrequeintás	12.5	16.17	22.9	15	9.2	2.8	25	297	38.0	6	262	79	88	64	24	69	403	6	65	6	1004		21	0				
**Tremoedo	12.0	15.64	21.7	16	8.6	2.4	25	293	46.1	9	**	87	96	69	**	**	**	3	54	9	1005		23	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 11

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Vigo	12.8	16.4	22.9	15	10.1	4.8	25	243	43.3	6	**	83	93	68	**	**	**	**	**	**	**	21	0			
Vigo-Campus	10.5	12.66	18.3	15	8.6	5.0	25	321	40.8	9	287	87	96	74	30	88	552	11	101	6	959	21	0			
Xesteiras	8.4	10.61	17.8	15	6.6	2.1	25	410	89.6	9	**	93	98	83	**	**	**	28	129	6	**	24	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.